



Parlamento das Letras: Xavier Lama

Publicado o [23/05/2013](#)

Teño escrito nalgún lugar que Xavier Lama é un tigre melancólico, un ser de letras que vive instalado nun feraz diálogo coa memoria dos intres felices que marcharon para sempre, á procura da clave de bóveda coa que ordenar e dar sentido a un presente por veces convulso e problemático.

Ese seu ollar as vidas que foron, as complexas existencias de finais inesperados alimentou a súa narrativa curta en Os moradores da nada. E tamén o alento inquisitivo e impredecible atravesa o seu teatro no moi aplaudido O peregrino errante que cansou ó demo.

Agora ben, Lama anda o mundo co bernal de poeta e, co compango inquedo de quen non coñece certezas e si dúbidas insondables, vai deixando que a luz dos días irise en prismas que se chaman Tigres como Fausto con ollos de bruma (con versos gobernados pola tiranía do Tempo como realidade ontolóxica esencial e as súas concrecións menos conceptuais e máis humanas), Melancolía líquida da Idade das Vacas (ese profundar no cambiante continente do rural baixo a emblemática presenza do tótem vacún) ou Cabalos do alén na cidade das fábulas (elexía xacobeana que unha singularísima vivencia do espazotemporal fusiona o urbanita e o xeórxico nunha xeografía única e múltiple a un tempo).

Ultimamente metaforizou para @s máis nov@s esa súa inquietude polo Tempo e o seu pasar inexorable en Os reloxos preguiceiros de Néboa. Ninguén máis acaído, pois, para memoriar os vieiros propios e o tempo que nos tocou vivir. A ollada líquida deste novo Fausto que fabula aléns para fuxir do Nada e a condena dos reloxos peregrina nas súas substantivas respostas a este cuestionario que demandan lectura.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O primeiro espazo ou soporte onde o fixen foi nunha revista escolar. Ben axiña, en plena adolescencia, penso que polos catorce anos, comecei a publicar artigos en *El Progreso*, o benquerido xornal lugués no que case comecei a ler. Todo empezou a través dun certame literario que gañei en Vilalba con esa idade. Ata os dezasete anos, máis ou menos, obtiven algúns premios en concursos literarios en Galicia e mesmo nun organizado polo Centro Galego de Buenos Aires do que xa perdín mesmo o testemuño documental. Aos dezoito anos, a edición de Santiago de *La Voz de Galicia* acollía os meus artigos, de fasquía quizais máis literaria ca xornalística, e aos vinte e dous ou vinte e tres anos publicaba textos xornalísticos, a través dunha axencia, en máis dunha ducia de rotativos españois. Daquela era ben máis prolífico ca agora. Pero se falamos especificamente das publicacións literarias, creo que comezaron a través deses

certames literarios da adolescencia e da primeira xuventude, que me deron azos para seguir escribindo nun tempo no que era relativamente feliz e clamorosamente indocumentado.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Non vou caer en laios de incompreensión, porque en xeral foron ben tratadas pola crítica e algunhas mesmo moi ben. Eu son autor de determinados xéneros, fundamentalmente poesía e teatro, que non conectan co público lector maioritario. Ata se podería dicir que a edición de teatro está lonxe da normalización na nosa terra, agás esforzos excepcionais, como o de Laiovento co seu capitán, Francisco Pillado, á fronte, ou os casos moi concretos e excepcionais doutras editoriais que non están vencelladas co eido do institucional e que non contan con patrocinio específico da AGADIC. Digamos que tiveron unha obra narrativa, *Os moradores da nada*, que si conectou co lector e que, aló pola década dos noventa do século pasado, mesmo estivo polo menos tres meses no *ranking* dos libros máis vendidos. Pero foi algo efémero, quizais un espellismo ou un equívoco. Un malentendido. Pero lembro críticas que me serviron de estímulo, como algunhas de Manuel F. Vieites sobre obras teatrais, ou de Dolores Vilavedra.

As últimas obras poéticas que publiquei tiveron un número sorprendente de críticas (a última creo que foron oito ou nove en soporte papel), todas bastante magnánimas co autor. Nesa liña, teño que salientar un ensaio crítico do factótum deste blog, Armando Requeixo, no que realiza unha lectura integradora dos meus libros de poesía. Ou sexa, que aínda sendo un escritor nebuloso, que se mantén máis ben na zona de sombra, as críticas case sempre foron alentadoras e algunhas mesmo esclarecedoras e iluminadoras para min mesmo.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non especialmente. Digamos que manteño un certo distanciamento preventivo con respecto ao folio en branco. Despois, unha vez que comezo, penso que posúo certa facilidade para escribir. Pero o problema de fondo, case equinoccial, radica en superar esa fase preventiva, esa muradela disuasoria que supoño que contén algo de esencia simbólica. Tamén hei recoñecer que acabo aburrido ante proxectos que priman a perseveranza e o percorrido de fondo sobre a intensidade e a limitación espacial na escrita. Por exemplo, comecei tres novelas, pero case sempre acabo aburrido pouco despois da páxina cincuenta. Supoño que iso ten que ver coa translación do que me sucede, cada vez máis, como lector. Fun un gran devorador, case fagocitador, de novelas, pero agora a maioría deixan de interesarme pola páxina cincuenta ou mesmo bastante antes. Non sei se se trata dunha fase transitoria, pero o gozo coa lectura está agora máis relacionado para min coa poesía, o teatro e a narrativa breve.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Non podo nomear especificamente uns autores determinados, porque se pretenderse subir a algún tren é posible que os seus pasaxeiros non me quixesen dentro e me deixasen tirado na plataforma. Ademais, citar algúns nomes concretos supoño que é como tentar meterse no camarote dos irmáns Marx, porque están moi solicitados. É evidente que en Galicia hai vivos polo menos unha ducia de grandes poetas (homes e mulleres), máis de media ducia de solventes narradores e tamén varios dramaturgos incuestionables. Figurar a carón de calquera deles sería andar ben acompañado.

Aínda que non quero dar nomes, vou citar só dous autores cos que manteño unha afinidade entrañable. Un deles é Miguelanxo Murado, do que lembro conversas moi gorentosas polas rúas

de Compostela e tamén aqueles tempos da adolescencia nos que coincidimos na levítica cidade das murallas luguesa. Outra escritora entrañable é Lupe Gómez, polas súas cartas de amiga, pero, sobre todo, porque vive a poesía cunha autenticidade e unha intensidade admirables.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Permíteme que isto, máis ca historiografía, sexa un comentario xenérico e libérrimo. Os referentes da miña obra intúo que son, modestamente, os tigres interiores que te poñen diante dun folio en branco para practicar un exorcismo gratuito; o amor pola fabulación e tamén pola poesía (luminosa e escura) da vida; o gusto pola dialéctica (previsible ou sorpresiva) do teatro.

Digamos que me movo con certa comodidade no mundo da dramaturxia e nos espazos plurais da poesía, e digo plurais agora que camiño da man de varios heterónimos, pero tampouco podo prescindir da narrativa breve.

Que máis podo dicir? Todo e nada. Escribir varios folios ou menos dunha liña. Caer na autoxustificación ou deixar uns puntos suspensivos no camiño. Creo que a miña é unha obra en construción e que o mellor aínda está por chegar. Digamos que houbo etapas en que confíei pouco en min, ou que me sentín invadido polo desleixo, ou mesmo que gocei moito máis lendo que escribindo. Pero quero abrirille unha porta á esperanza, aínda que sexa unha esperanza algo avergoñada, e pensar efectivamente que o mellor está por vir. Debe de ser porque sinto coitelos no sangue que abren canellóns nos que canta o galo anunciador da literatura.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Non sei se hai escritores concretos que alimentan a miña obra, pero si que me considero un *letraferido*, un deses tipos raros, nada recomendables, que ata hai uns anos, cando chegaba a unha cidade, o primeiro que buscaba eran as librerías de vello, eses antros da revelación onde calquera achado parece posible. Desde hai tempo estou en fase de desintoxicación.

Hai moitos autores no meu santoral particular, desde comunistas como Louis Aragon, Sartre ou Maiakovski ata algúns que simpatizaron co fascismo, tipos entolecidos, pero xeniais escritores, como Louis-Ferdinand Céline ou Ezra Pound.

En teatro, ducias de autores, desde Shakespeare ata as novas tendencias de Sarah Kane ou de Angélica Lidell. En ficción, desde os escritores de filiación fantástica como Borges, Dino Buzzati, Monterroso, Arreola, o gran Cunqueiro, Pérec, Kafka (estes dous últimos encadrables nesa división) ata realistas evidentes, entre eles os do *dirty realism* anglosaxón. Á marxe deles, citaríase nomes fundamentais como Juan Rulfo, Sábato, Nabokov, Faulkner; dos máis recentes, a Julian Barnes, Vila-Matas, David Foster Wallace, Roberto Bolaño ou Coetzee, e clásicos como Flaubert, Dostoievski ou Stendhal, entre outros.

En poesía tería que dar nomes case ao azar, porque hai moitos poetas moi queridos/as: Dante, Shelley, Milton, Manuel Antonio, Gil-Albert, Vallejo, Eliot, Auden, Sofia de Melo Breiner, Olga Orozco, Paul Celan, Joyce Mansour, Carles Riba, Leopoldo María Panero, Bukowski, Patti Smith e un longo etcétera. Ben, e deixo á marxe os filósofos, porque pasei algúns anos da miña vida lendo sobre todo filosofía dun xeito bastante metódico.

Supoño que por detrás de todo isto hai algo así como un sistema de vasos comunicantes que deixa influencias, retallos de memoria selectiva, iluminacións, sendeiros que se bifurcan nese xardín da medianoite que é a literatura. Pero tampouco percibo influencias moi concretas. En

fin, supoño que é doado adiviñar que antes que modesto ou suposto escritor fun un lector adicto e aínda o sigo sendo dalgún xeito, pero en menores doses.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Creo que lle falta un mercado receptor máis amplo e unha base lectora máis normalizada que trascenda as obrigadas lecturas escolares. E tamén máis autoestima e menos autonoxo social, máis apoios reais, máis rebeldías fertilizadoras, máis bágoas de verdade e menos paripé institucional, menos embiguismo, e boto o freo porque me estou lanzando...

¿Que lle sobra? Quizais vicios endogámicos deses que non gusta recoñecer.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Perdoaríame absolutamente todo, porque a literatura galega non está pendente do que eu faga ou deixe de facer. Supoño que lle é indiferente. Dito isto, estou a comezar unha andaina no territorio da poesía arredor dunha serie de heterónimos que representan distintas modulacións ou facianas do meu eu poético. Creo que iso dos heterónimos é relativamente novo na nosa literatura e gustaríame facer un amplo percorrido nesa liña. Por outra parte, creo que teño por escribir algunhas obras cun chisco de interese no eido teatral, ao que estou volvendo con ganas, case con xuvenil ímpeto.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

É un presente cunha valoración moi alta no campo da poesía e máis ca estimable en narrativa e teatro. Por exemplo, o ano pasado lin unha novela de Riveiro Coello, *Laura no deserto*, que para si quixeran ter como exemplo representativo da súa produción narrativa anual literaturas de moita maior proxección cá galega. Existe unha oferta moi plural e moi descoñecida para a maioría. A recepción é cativa con respecto ao potencial e é posible que as mil primaveras intuídas por un espírito luminoso non cheguen a ser tantas. Non sei... hai que seguir pensando que nos xardíns da mocidade aniñan reiseñores sediciosos. Non son optimista nin demasiado pesimista nestes tempos de crise esmagadora, de *reality* canalla que semella deseñado por un grande irmán perverso. Proclamados os infortunios, sigamos atrevéndonos coa esperanza.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Quixera facer un recoñecemento a todos/as cantos traballan tecendo redes para proxectar as nosas letras, desde as editoriais novas que chegan con proxectos innovadores (certo que efémeros nalgúns casos) ata os que labran no campo das novas tecnoloxías territorios que son como oases multiplicados. Tal é o caso deste *Criticalia*, sen ánimo de caer no peloteo doado, e de tantos que deixan sementes de futuro cada día.